

| PREGO DE CONDICIÓN S DE CONTRATACIÓN |

Servizo de auditoría externa das contas 2017 de EspazoCoop

CONTRATO

Servizo de Auditoría Externa das contas anuais do exercicio económico de 2017 da Unión de Cooperativas EspazoCoop, atendendo á normativa da Lei de Cooperativas de Galicia , da lexislación contábel e de auditoría de contas e do acordo tomado polo Consello Reitor da Unión.

PROCEDEMENTO

Aberto de adxudicación.

CONTRATANTE

Unión de Cooperativas EspazoCoop.

OBJECTO E DESCRICIÓN DO SERVIZO A CONTRATAR

- Realización da verificación da documentación contábel e das contas anuais do exercicio económico 2017 da Unión de Cooperativas EspazoCoop, a partir da entrega realizada polo Consello Reitor da mesma, e de acordo coa normativa contábel e de auditoría aceptada de forma xeral.
- Realización dun informe a partir da devandita documentación, que deberá conter como mínimo as seguintes mencións : 1) Se na redacción das contas anuais foron observadas as normas legais e estatutarias; 2) As observacións sobre os feitos que comprobaran e que supoñan un risco para o estado financeiro da Unión; 3) a certificación de que a contabilidade é correcta e reflicte a imaxe fidel do patrimonio e situación financeira da Unión ou, no seu caso, os motivos polos que se formulan reservas ou rexeiten a emisión do certificado; 4) se as contas anuais contan coa información necesaria e suficiente para a súa interpretación e comprensión adecuada, de conformidade cos principios e normativa contábel que resultan de aplicación.
- O obxecto do servizo realizarase en cumprimento do regulado na Lei de Cooperativas de Galicia e a lexislación contábel e de auditoría de contas vixente no Reino de España.

- Revestirán carácter contractual o presente prego de contratación, a oferta da adxudicataria na súa totalidade e o procedemento de contratación de produtos e servizos de EspazoCoop. O servizo desenvolverase en coordinación co equipo directivo de EspazoCoop.

DURACIÓN DO CONTRATO

O prazo de execución do servizo estará contemplado entre o día seguinte á notificación da adxudicación do contrato até a presentación do informe de auditoria externa, en todo caso a data límite será o 31 de Marzo de 2018.

A licitadora adxudicataria do servizo, desenvolverá o mesmo nun prazo máximo de 30 días naturais.

ORZAMENTO DO SERVIZO A CONTRATAR

1. Cada licitadora presentará a oferta económica que considere oportuna, atendendo ás características do servizo a contratar e aos criterios habituais fixados pola normativa e prácticas do sector.

No prezo da oferta económica estarán incluídos todos os gastos que supoña a realización do traballo – persoal; impostos; desprazamentos, xestións, gastos de estudo, redacción e formación do traballo final obxecto do contrato.

2. O prezo do contrato, IVE incluído, será o que resulte da adxudicación. En todo caso, indicarse no contrato como partida independente, o importe do IVE. Ditós honorarios serán definitivos.

3. Para facilitar a concreción da oferta económica as licitadoras terán ao seu dispoñible a información das contas anuais de 2016, que poderán descargar na sección de “Transparencia” da web da Unión: [aquí](#)

PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

1. Capacidade para contratar

Están capacitadas para contratar con EspazoCoop, as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar e posúan e acrediten a debida solvencia económica, financeira e técnica, achegando:

- Documento de identificación – DNI/Pasaporte – para persoas físicas e CIF - persoas xurídicas.
- Certificado do acordo do poder de representación de persoas xurídicas, inscrito no Rexistro correspondente.
- Escritura de constitución e modificación de estatutos, inscritos no Rexistro correspondente.
- Acreditación da habilitación profesional exixíbel para a realización da actividade obxecto do contrato (inscripción da auditora no Rexistro Oficial de Auditores de Contas-ROAC).
- Documentación acreditativa da experiencia e méritos alegados na auditoría de servizos a contratar nomeadamente, os vinculados a entidades de economía social sen ánimo de lucro, como no caso de EspazoCoop.
- Currículo da persoa auditora asignada a este servizo.
- Acreditación de estar ao corrente de pagamento das súas obrigas coa Seguranza Social, coa Comunidade Autónoma e coa Axencia Tributaria (AEAT).

A devandita documentación, xunto a outra que se solicite neste prego, deberán ser enviada pola licitadora durante o período fixado para a presentación da oferta do servizo a contratar.

As persoas xurídicas apenas poderán ser adxudicatarias deste contrato se as prestacións do mesmo están comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, de acordo cos seus estatutos ou regras fundacións, así o teñan recollido.

As licitadoras que sexan persoas xurídicas, deberán comprometerse de forma expresa, á adscrición do equipo de traballo proposto para a execución do contrato, que deberán facer parte da estrutura da entidade licitadora.

2. Mesa de contratación e adxudicación do contrato

A mesa de contratación estará constituída por tres persoas pertencentes á dirección técnica de EspazoCoop, agás naqueles casos que pola súa dimensión e/ou características requiran a presenza do consello reitor.

Avaliaranse as propostas recibidas de forma obxectiva e segundo os criterios para a adxudicación do contrato. Proporá a adjudicación a favor da licitadora que maior puntuación obteña polos criterios e melloras incluídas no punto 6 deste prego de contratación. No caso de empate entre dúas ou máis ofertas, será concedido un novo prazo de tres días hábiles para presentación de ofertas, mantendo os criterios para a adxudicación.

A adxudicación ou non do contrato notificarase a través de correo electrónico ás licitadoras e publicarase na web de EspazoCoop.

CRITERIOS E MELLORAS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Ser cooperativa afiliada a EspazoCoop	4 PUNTOS	Máx. 20%
Ser cooperativa non afiliada a EspazoCoop	2 PUNTOS	
Ser sociedade laboral, centro especial de emprego ou empresa de inserción:	1 PUNTOS	
Experiencia Profesional da empresa e/ou profesional no obxecto do contrato: - Experiencia + Garantías da entidade e CV das persoas socias (3) - Traballos anteriores satisfactorios coa Unión (2) - Cooperativa de nova creación (1)	Ata 4 PUNTOS	Máx. 20%
Proposta Técnica, inclúe melloras sobre a proposta. <i>(Se a proposta é a iniciativa da cooperativa socia resérvase 2 puntos)</i>	Ata 6 PUNTOS	Máx. 30%
Grao de intercooperación: - Proxecto de Intercooperación con outras socias - Intercooperación en redes: COOP57, REAS, ... - Grao de participación nas actividades da Unión	Ata 1 PUNTOS	Máx. 5%
Oferta económica	Ata 4 PUNTOS	Máx. 20%
Medidas de Responsabilidade Social: Balance social, plans de igualdade, consumo e utilización de produtos e servizos respetuosos coa contorna, elaboración memorias de sustentabilidade, colaboración con entidades sociais, etc...), e aquelas que se propoñan na propia proposta.	Ata 1 PUNTOS	Máx. 5%

MELLORAS

- Existencia dun seguro de responsabilidades profesionais.
- O emprego da lingua galega nos documentos e actividades que conleve a presentación da oferta e a realización do servizo.

No non previsto no presente prego, aplicarase o contemplado no procedemento interno de contratación de EspazoCoop, que poderase descargar na sección de "Transparencia" da web da Unión: [aquí](#)

FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

A proposta económica a presentar por cada licitadora axustarase ao modelo incluído no **anexo I** deste prego de contratación.

As ofertas presentaranse en formato electrónico na dirección de correo electrónico ramon@espazo.coop até as 15 horas do 21 de Febreiro de 2018.

Cada licitadora non poderá presentar máis dunha proposta.

Santiago de Compostela, 12 de Febreiro de 2018

ANEXO I

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Don/a, con DNI/NIF(en nome e representación de.....) con domicilio en.....provincia de enterado das condicións e requisitos que se exigen para a adjudicación polo procedemento aberto regulado no procedemento interno de contratación de EspazoCoop do contrato de, comprométese en nome de(propio ou da Empresa a quen representa), a tomar ao seu cargo a execución do mesmo, con estrita suxeición aos expresados requisitos e condicións e pola CANTIDADE de € IVE EXCLUÍDO. (Importe de IVE) (*)

(*) Na proposición deberá indicarse como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que deba ser repercutido

..... dede

Data e sinatura da LICITADORA